



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONSELLO DA CULTURA GALEGA EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Presidente do Consello da Cultura Galega, DECLARA:

Que este Consello da Cultura Galega ten previsto formalizar coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 6 de maio ata o 30 de novembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Consello da Cultura Galega para a organización dos Encontros para a normalización lingüística e dun seminario sobre a publicidade en galego, así como o desenvolvemento dun espazo web para os recursos do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia e sobre «Ciencia en galego».

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O Consello da Cultura Galega é unha institución estatutaria, creada ao abeiro do disposto no artigo 32 do Estatuto de Autonomía, mediante Lei 8/1983 do 8 de xullo. Cun carácter de órgano asesor e consultivo, con capacidade de iniciativa, investigación e organización, ao Consello da Cultura Galega compételle a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

Entre os seus obxectivos figura, entre outras, fomentar a lingua e a cultura galegas como creacións orixinais do pobo galego, entendidas non só como unha herdanza que cómpre conservar e transmitir senón como patrimonio que cada xeración debe coidar e mellorar.

Que o Consello da Cultura Galega e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria son conscientes da importancia que ten a aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, onde se recoñece que o galego é a lingua propia de Galicia; que os poderes públicos garantirán o seu uso normal como lingua oficial da

Comunidade Autónoma galega e adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón da lingua.

Que tamén son conscientes de que as institucións e entidades galegas teñen que colaborar na implantación do Plan xeral de normalización da lingua galega (en adiante PNL) que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de conseguir estender o uso do galego a todos os niveis da sociedade.

Por este motivo o Consello da Cultura Galega e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, teñen previsto realizar diversas actividades conxuntas en materia de normalización lingüística ao longo do ano 2016, como a organización de seminarios especializados sobre a normalización lingüística e a publicidade en galego, así como espazos de divulgación en Internet sobre a normalización lingüística ou a produción científica en galego.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 6 de maio de 2016